

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE OUTUBRO DE 2017**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/1143/2017.- FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-** CONCEDER licenza de obras para a parte de intervención de rehabilitación da fachada do edificio modernista do antigo asilo de Carretas sito na rúa Carretas (das), 33 e DENEGAR a licenza para a execución de dous núcleos de escaleiras para a comunicación vertical do edificio sito na rúa Carretas, 33.

**LIC/1718/2016.- ALPANIDE, S. L.-** Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, remitir copia da presente resolución e conceder licenza para a instalación dun ascensor na rúa García Lorca (de), 10.

#### **RECURSO DE REPOSICIÓN.-**

**LIC/1699/2015.- GLOBAL OIL PETROLIUM, S. L.-** Rexeitar o recurso de reposición formulado por D. Miguel Sánchez Campos contra o acordo da Xunta de goberno local de data 19 de maio de 2017 de concesión de licenza de obras para construción de nova instalación de subministro de carburantes polo miúdo e instalacións complementarias de lavado de coches na Avda. Cruceiro da Coruña, 21.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para a parte de intervención de rehabilitación da fachada do edificio modernista do antigo asilo de Carretas sito na rúa Carretas (das), 33 e DENEGAR a licenza para a execución de dous núcleos de escaleiras para a comunicación vertical do edificio sito na rúa Carretas (das), 33. LIC/1143/2017.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, remitir copia da presente resolución e conceder licenza para a instalación dun ascensor na rúa García Lorca (de), 10. LIC/1718/2016.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento do recurso de reposición formulado contra o acordo de data 19 de maio de 2017 de concesión de licenza de obras para construción de nova instalación de subministro de carburantes polo miúdo e instalacións complementarias de lavado de coches na Avda. Cruceiro da Coruña, 21. LIC/1699/2015.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza do contrato de "Servizo para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de Desenvolvemento Urbano e Sostible".** Apróbase a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras relativa á aprobación do expediente de "obras de rexeneración do pavimento da calzada da vía de servizo Este (marxe pares) da Avda. Cruceiro da Coruña; gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Apróbase o procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 252.266,27 euros, IVE incluído.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á resolución da convocatoria de subvencións para o fomento de actividades a prol da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, para 2017.** Apróbase a resolución da convocatoria pola que se lle conceden subvencións a 12 entidades, por un importe total de 24.887,65 euros.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á aprobación dun protocolo de colaboración para a organización da campaña "25N en negro contra a violencia" 2017.** Apróbase a proposta.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á aceptación da concesión da subvención da Xunta de Galicia para contratación temporal de desempregados en risco para 2017 (2ª resolución).** Acórdase aceptar a subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria por importe de 41.293,49 euros para a contratación de cinco traballadores.

**10.- Recoñecemento de obrigas.** Apróbase a proposta.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á declaración da perda da exención e a concesión dunha bonificación do 50% do IBI.** Apróbase a proposta.

**12.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles.** Apróbase a proposta.

**74.- Proposta da concelleira delegada de Deportes dando conta da sinatura do convenio entre o concello de Santiago de Compostela e o Obradoiro Club de Amigos Baloncesto SAD para 2017.** Dase conta

**75.- Dar conta da sinatura do convenio entre o concello de Santiago de Compostela, a asociación de Hostalaría e a empresa "Compostela INSERTA, empresa de inserción laboral,SL" para a recollida de aceite vexetal usado.** Dase conta.

## **URXENCIAS**

**1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación das Obras de restauración e mellora do itinerario fluvial "De ponte a ponte polo río Sarela".** Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 87.397,4 euros (IVE incluído)

**2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do Subministro de prendas de uniformidade da Policía Local de Santiago. LOTE A: prendas de confección a medida, LOTE B: complementos, LOTE C: calzado, LOTE D: prendas para a auga.** Apróbase o expediente e, subsanadas as deficiencias observadas na enumeración dos artigos a entregar, acórdase de novo a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto. Establécense os seguintes tipos de licitación:

\_Lote A: 43.275 euros (IVE incluído)

\_Lote B: 41.189 euros (IVE incluído)

\_Lote C: 13.844 euros (IVE incluído)

\_Lote D: 1.520 euros (IVE incluído)

**3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á modificación do acordo de aprobación do proxecto básico e de execución de reurbanización da rúa Cancelas no contorno da subestación eléctrica.** Modifícase o acordo da Xunta de Goberno do 21 de outubro de 2016 polo que se aproba o

Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:  
prensa@santiagodecompostela.org

proxecto técnico de reurbanización da rúa Cancelas, sumprimindo o condicionante polo que se establecía que se remitiría o proxecto á Comisión Técnica de Accesibilidade e se sinalaba que non se iniciarían as obras en tanto que non se recibira o preceptivo ditame favorable desta comisión. O motivo desta modificación é que se trata dun espazo de uso público e considérase que as medidas de mellora de accesibilidade recollidas no proxecto poden aceptarse directamente polo Concello, sen requirir o ditame favorable da Comisión Técnica de Accesibilidade.

**4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación dunha factura da empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria.** Apróbase a factura do servizo, que acende a 583.243,30 euros, e descóntase o importe das campañas non executadas na anualidade, procedendo pois ao abono líquido pola contía de 545.696,17 euros.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao exercicio da acción reivindicatoria contra Carmen Franco y Polo para a recuperación de dúas esculturas románicas atribuídas ao Mestre Mateo que formaron parte da fachada exterior do Pórtico da Gloria e que foron adquiridas polo Concello en 1948.** Acórdase a interposición dunha demanda contra Carmen Franco y Polo para recuperar as dúas figuras e exprésase o compromiso do Goberno municipal de que as dúas esculturas sexan obxecto de exhibición permanente no Museo da Catedral de Santiago.